

Avaliación das aprendizaxes do alumnado derivadas da realización destas tarefas

Os instrumentos e procedementos de avaliación que utilizemos medirán a mellora na unha cultura política pacifista e democrática do alumnado coa realización das diversas tarefas desta proposta didáctica sobre desprazamentos de poboación, exiliados e refuxiados. Por iso a producións do alumnado deberán demostrar a súa capacidade para:

- Identificar e rexeitar, a partir da análise de feitos históricos, as situacións de discriminación a persoas e colectivos de diferente orixe, xénero, ideoloxía, relixión, orientación afectiva e sexual e outras.
- Recoñecer a existencia de conflitos e o papel que levan a cabo as organizacións internacionais e as forzas de pacificación.
- Valorar a importancia das leis internacionais e a participación humanitaria para paliar as consecuencias dos conflitos.
- Analizar e entender a democracia como conquista histórica que favorece a convivencia social e política.
- Procurar información sobre os principais problemas sociais do mundo actual utilizando as TCI e os medios de comunicación, analizando as causas dos conflitos, o papel das organizacións internacionais e das forzas de pacificación.
- Valorar a cultura da paz, a importancia das leis e a participación humanitaria para paliar as consecuencias dos conflitos.